

O ENTROIDO NAS RIBEIRAS DE CHANTADA A PERSISTENCIA DA FESTA

XOSÉ MANUEL VÁZQUEZ RODRÍGUEZ

Nas parroquias da ribeira de Chantada continúa celebrándose o Entroido de maior relevo, en canto á profusión de formas e significados, da provincia de Lugo, a súa vez emparentado cos que teñen lugar en terras de Ourense. Inmerso no proceso de cambio que vive Galicia, nunca foi alleo ó dinamismo constante da historia, aínda que actualmente este sexa máis acentuado no espacio temporal. Pretende ser esta unha aportación para un estudio do Entroido rural, e as posibilidades de continuidade na nosa época, para o que partimos dunha descripción das xornadas de festa total, para seguir cunha interpretación na que afloren os valores cristiáns que esconde a máscara, a rematar confrontando as lembranzas do Entroido do pasado e a modalidade provocada polo paso do tempo.

1.-Os días de correr o Entroido.

As ribeiras do Miño en Chantada manteñen, non cunha continuidade lineal senón con notables altibaixos, a celebración do Entroido. Nos últimos dous anos, 1994 e 1995, a festa só ten lugar en Nogueira de Miño, onde levaba doce anos sen celebrarse, os mesmos que en Santiago de Arriba -parroquias ámbalas dúas que destacaban pola dedicación ó Entroido-, só que nesta última freguesía non ten trazas de recuperación. Do ano 1991 ó 1993 foi Vilauxe quen apostou con forza pola festa, desde aquela deixou de celebrarse, ó igual que en Líncora, onde non acadou a intensidade das parroquias antes citadas. Os veciños maiores teñen lembranzas de actividades semellantes no tempo de Entroido en Camporramiro, e tamén na outra banda do río, en Ribeiras de Miño, no concello de Pantón.

O tempo de Entroido comeza o *domingo de septaxésima*, aquí chamado *lambedoiro*, nunha referencia á gastronomía que foi e segue a ser unha parte fundamental da festa; é tamén denominado *fareleiro* ou *borralleiro* noutras comarcas por lixarse con estes e outros materiais que a natureza ofrece, entre os que non faltan as formigas *cabalares* con vinagre, e a auga. Segue co *domingo de sesaxésima* ou *corredoiro*, no que continúan as brincadeiras, enredos, xogos e representacións teatrais. Unha vez preparados para os tres días grandes, ten lugar o *domingo de quincuaxésima* ou de *Entroido*, seguido do *luns* e *martes de Entroido*, rematando co *testamento* da máscara, antes da súa desaparición, no que se repasa a vida dos veciños. Son días de festa, con todo o que esto implica: ausencia de traballo, busca do lecer e a diversión, abundancia na comida e na bebida, maiores relacións coa comunidade..., mais é unha festa especial, aquela que marca a entrada á Coresma, outro tempo no ciclo anual da parroquia.

As actividades características destas datas foron perdendo a variedade do pasado, como veremos más adiante, ó igual que incorporaron novos elementos propios da época

que estamos a vivir. O anterior lévanos a supoñer que ademais das parroquias citadas, outras do entorno celebraban de xeito semellante o Entroido, con formas que se foron esquecendo segundo ían correndo os séculos (1). A especificidade que souberon conservar as parroquias da ribeira de Chantada está marcada especialmente polas vestimentas dos persoaxes que protagonizan o Entroido. Sobresa entre eles o *volante* con faixas alternas de cores -no pasado recente vermelhas e amarelas, na actualidade tamén brancas e azuis-, cun cinto que leva penduradas dúas dúcias de campañas do gando -que se suceden intercambiando as de son grave ou *machos*, e as de son agudo ou *femias*-, con panos de cores ó lombo, e que poden soportar unha estructura de madeira na cabeza, o *puchón*, cuberta de cintas ou *colonias* e flores de papel dun cromatismo variado, entre as que se asenta unha moneca. O volante, sempre de sexo masculino, vai dando saltos, movendo co que as cintas de papel voan polo aire, mentres as campás producen un constante, machacón ó mesmo tempo que rítmico sonido.

Acompañando ó volante aparece o *peliqueiro*, que trata de defendelo cunha fusta ou vara, ó tempo que carga sobre os que aparezan no seu camiño. Entre eles prodúcese un forte contraste, pois o vestido do último é moi descoidado, portando unha pelica ó lombo e como máscara -que lle dá o nome-, e cunha soa campá ou *choca* colgada. Semellante ó anterior, igualmente aldraxoso, é o *meco*, e tamén o *maragato* (que recorda aquel pobo de arrieiros ambulantes), cada vez menos frecuentes ou confundidos co peliqueiro.

Nunha primeira aproximación ó Entroido da ribeira de Chantada, debemos facer constar ademais a posta en escena de pequenas pezas teatrais, chamadas *oficios*, que pretenden satirizar determinadas ocupacións e comportamentos da sociedade. Volantes acompañados de peliqueiros abren paso ou anuncian o comezo dun oficio, como nos últimos anos foron a maza do leite, barbeiros, a natanza do porco, unha voda con desigual idade entre os constraintes, a xura de bandeira protagonizada por un asno, etc., como representacións atemporais; ata referencias á actualidade, como á sanidade pública, unha sesión de hipnotismo, a situación do agro... Unha característica faise notar na representación, público e actores confúndense, mestúranse, e implícitanse de xeito que non está ben definido quen actúa e cales son espectadores, ou non hai lugar para estes últimos.

Na descrpción realizada fixose unha síntese do Entroido actual, de seguido faremos referenciais ó pasado tal e como é estimado polos veciños maiores, para poder valorar o proceso dinámico de cambio na festa. Insistimos en que todo o ata aquí apuntado segue tendo lugar cíclicamente tódolos anos nas ribeiras de Chantada, motivo que é suficiente para preocuparnos tanto polos significados da celebración, como polo futuro da festa e dos veciños que a conmemoran.

2.-A Coresma detrás da máscara.

O Entroido de Chantada, coas súas características específicas, ten á vez notables paralelismos con outros Entroidos rurais con continuidade, como os que teñen lugar en varias comarcas ourensás. Vestimenta de numerosas cores, campañas, estructuras de madeira con flores e cintas de papel de variado cromatismo, panos e peles, etc., relaciónnanse

1.-Na área da Ribeira Sacra hai lembranzas da *corrida do galo* na parroquia de Agrade, en Chantada; da queima de monecos de palla representando ás *madres e compadres* en Chave, O Saviñao; de máscaras formadas con cabezas de touros que botaban formigas en Cartelos, en Carballedo; ou de coplas satíricas no *testamento do Entroido* en Pacios de Piñcira, en Taboada.

en bisbarras como Verín, A Limia ou O Bolo, co tempo de festa, propiamente coa festa do Entroido (2). Peliqueiros, maragatos e mecos aparecen tamén noutras áreas co mesmo nome e significado, áinda que dentro da mesma comarca de Chantada personaxes semellantes ós da ribeira se denominen *foliqueiros*, ou *borraleiros* e *fariñotes* en terras de Lemos (3). As interpretacións do Entroido, cos matices que en cada lugar requirian, poden facerse extensibles a áreas culturais semellantes.

Para comezar a análise hai que considerar o Entroido no contexto da comunidade que o celebra, como é o lugar e a parroquia, os veciños coa súa vida cotián, e os traballos do agro en relación co ciclo das festas. A inversión de valores que se dá no Entroido ten tamén lugar noutras festas, como o Ano Vello ou o San Xoán, así mesmo había máscaras, bailes, comensalidade e representacións teatrais en celebracións ó longo do ano (4). Co risco que ten xeneralizar, pódese dicir que o Entroido rural conservou mellor elementos que aparecían noutras festexos anuais, quedando así nunha festa moi completa ou total, celebración da opulencia por antonomasia.

Co Entroido actual ten moito que ver o cristianismo, como poñía de manifesto Vicente Risco (5).

"Esto todo pode ter orixe na "noite dos tempos", e teno, sin dúbida. Mais atal e como chegou a nós, é, ó noso ver, marcadamente medieval, penetrado de ideas cristiás propias do noso círculo cultural".

Tamén Julio Caro Baroja pon de manifesto a filiación do Carnaval co cristianismo, reconéscendo que sen a idade da Coresma non existiría a festa na forma en que se fai desde a Idade Media (6). Xosé Ramón Mariño Ferro, desbotando a hipótese de cultos ancestrais, insiste na liña anterior, afirmando con rotundidade (7):

"O antroido non é, desde logo, unha festa pagá, senón a representación do que sería unha sociedade sensual e materialista".

O tempo de Entroido é polo tanto unha escenificación do home como animal -fronte ó home en sociedade ou cristián-, tempo de excesos, pero á vez limitado -simbolizado pola queima do Entroido-, que prepara para a Coresma despois de valorar a necesidade de normas para unha convivencia en sociedade. Ten lugar xusto antes dunha corentena ritual, en palabras de Manuel Mandianes (8), na que as prohibicións da carne de porco, música e bailes, relacións sexuais, etc., representan a parte espiritual do home.

2.-Son os *peliqueiros*, *cigarróns*, *pantallas*, *felos*, *boteiros*, etc.; más coñecidos que os volantes de Chantada por estar más difundido o Entroido ourensán.

3.-O nome de foliqueiro venlle dado por levar un saco de pel ou folico -con cinsa para botar ós veciños, ou para recoller comida pols casas-. ou tamén por levar unha pel ó lombo semellante ó peliqueiro. Os outros nomes fan referencia á borralla e á fariña. moi propia do Entroido rural.

4.-Un exemplo que coñecemos -por realizar traballo de campo nesa área- é a *Fiesta de los Campanos*, que ten lugar o primeiro domingo de setembro no pobo de Abiada, en Alto Campoó (Cantabria), na que se ritualia a baixada do gando da serra, engalanando ás vacas tudancas con flores e cintas de color na cornamenta, *campanos* de gran tamaño, representacións teatrais, xogos e diversión con sentido de inversión, non faltando a comensalidade. Coincidencias formais co Entroido que son comúns ás festas rurais do pasado.

5.-Risco, Vicente, "Etnografía. Cultura espiritual", en *Historia de Galiza* (dir. Otero Pedrayo, R.), ed. Nós, Buenos Aires, 1962, vol. I, páx. 614.

6.-CaroBaroja, Julio, *El Carnaval*, Taurus ed., Madrid, 1979 (1.^a ed. 1965), páx. 26.

7.-Mariño Ferro, Xosé Ramón, *Cultura Popular*, Manuais do Museo do Pobo Galego-1, Santiago, 1985, páx. 134.

8.-Mandianes Castro, Manuel, Loureses. *Antropoloxía dunha parroquia galega*, Galaxia, Vigo, 1984, páx. 44.

OS ERROS NA INTERPRETACIÓN LEVARON ÁS PROHIBICIÓN

A Igrexa oficial non soubo manter as ensinanzas que o Entroido ofrecía á comunidade de fieis, polo que nos últimos séculos aliñouse no bando dos partidarios de non autorizar a festa. Trataron de impedir representacións que no medioevo era toleradas, coñecedoras do seu sentido, ó igual que o foron ata agora outras manifestacións semellantes en romaría das Ribeira Sacra (9). Desaproveitou a pedagogía cristián, segundo Marcial Gondar (10), que nos forza a recoñecer a necesidade da mensura e a moderación naqueles feitos que parecen o ideal da felicidade. Nas parroquias da ribeira de Chantada as prohibicións, moitas veces só intentos non efectivos, tiveron maior força durante o franquismo, ó unirse o poder civil e o eclesiástico, como sinalan os relatos recollidos dos veciños:

"Polo antroido sempre viña a brigada, chamábaos o cura A., que non quería que tiveramos festa. A Guardia Civil levóunos moitas veces as campanillas pro cuartel, e pagaronse multas. No ano coarenta e seis pagamos dez pesos, no coarentaa e sete vinte pesos, e trinta pesos de multa no coarenta e oito. Deso acórdome ben eu, que fun dos que paguei" (11).

"Tiñamos un cura vello, que nos dicía ós rapaces: "Ó Antroido non se pode ir, que alí está o demo" (12).

"A brigada e o cura non querían o Antroido, poñíannos multas, e algún levárono pra cárcel que está debaixo da Agraria (antiga Casa do Concello). Pero os vellos querían e tiñámolo. Tampouco quería o cura que se tocaran as campanas por Noite Vella e Ano Novo" (23).

A festa en numerosas ocasións era interrompida, tendo que trasladarse a outro lugar, e ás agachadas. Mais os impedimentos convertíronse tamén na mesma época en motivo de diversións:

"Unha vez vestíronse algúns mozos de Guardia Civil, e según se iban acercando, 'velos, pensamos que os eran de verdá, e fixéronnos escapar a todos, desfixeron a festa. Esto mismo tamén pasou nun baile en Belesar, os que facían de Guardias berraban: "¡Qué se fugan los gaiteiros!"; mentras os gaiteiros corrían sin parar polo medio das cepas das viñas" (14).

Con este significado a festa da licencia e da liberdade total, considerada en relación á vida dos outros días do ano, estes rasgos quedan só no aspecto externo. A inversión dos valores e a parodia teñen por cometido reforzar o poder e os intereses dos grupos dominantes, com apunta Marcial Gondar (15):

"Coa apariencia da rebelión contra os dispositivos do Poder, o Carnaval é unha escola en que se aprende a ser más submisos".

9.-En Quiroga, na capela da Ermida, aparece o 8 de setembro -Virxe dos remedios- o *Meccu*, con máscara e cunha xesta na man, os romeiros tiranlle moedas mentres el trata de desanimar a asistencia ó culto; papel similar é o executado polo *Irrio*, golpeando cunha pelica, na procesión dos Remedios de Castro Caldelas.

10.-Gondar Portasany, Marcial, *Crítica da razón galega, Entre o Nós-mesmos e o Nós-outros*, ed. a Nosa Terra, Vigo, 1993, páx. 170.

11.-Informante de Santiago de Arriba.

12.-Informante de Vilalba.

13.-Informante de Nogueira de Miño.

14.-Informante de Nogueira de Miño.

15.-Gondar Portasany, Marcial, obr. cit., páx. 173.

Os oficios, representacións dramáticas a modo de entremeses ou comedias, fan que espectadores e actores se nesclen, animando a participación. Sabido é, ademais, que o humor incrementa a sensación de relación. Así mesmo a festa do Entroido ten o seu tempo e espacio limitado, uns días ó ano, cun ritual ou ceremonias que consolidan a solidaridade interna e externa da comunidade veciñal. Esta expresión ritualizada e canalizada ten unhas xornadas para a catarse e a exteriorización, polo que se espera que estes sentimientos non afloren o resto do ano, como explicou Lisón Tolosana (16).

O compartir entre os veciños, por outra banda, non é menos importante, a poboación local sae fortalecida da festa -e últimamente a casa e a familia coa comensalidade propia destas datas-, cunha unidade social e cultural nunha mesma área xeográfica. Segundo arredor da festa, o exceso do Entroido, que vai da oposición entre a ostentación e a deformidade, ten na cor un dos compoñentes máis destacados. A riqueza e variedade cromática pode tamén interpretarse en relación coa festa, moi apropiada para expresar a alegría, que xunto ó contínuo repenicar das campañas fai espertar, ou mellor dito, obriga ós veciños a participar na celebración.

3.-O Entroido no proceso de mudanzas.

Despois de acercarnos ó tempo de Entroido, e de sinalar algúns dos significados posibles, debemos valorar o estado da festa no noso tempo, as súas alteracións e posibilidades futuras de conservación. A aportación que segue, conscientes de estar tratando non de algo inmutable ou histórico senón actual, pretende ser unha aproximación que axude a comprender que a forma de celebrar o Entroido nas ribeiras de Chantada non é allea ós tempos en que vivimos, o que sen dúbida colabora para que se manteña.

O primeiro que hai que facer notar é que se acostuma a recorrer con exceso á palabra tradición, como se o cambio fose exclusivo dos nosos días, cando a historia é un proceso dinámico constante. Tradición e modernidade son termos relativos -ideolóxicos, non obxectivos-, polo que falar de que o Entroido só se conserva en sociedades illadas ou autosuficientes pode esconder outras realidades. O afastamento dos núcleos da Ribeira Sacra é físico, pero sobre todo é social: son grupos marxinais ós que as melloras da sociedade de consumo chegan demasiado tarde (17). Pode dicirse que o ritmo de transformación é maior na actualidade, hai elementos en proceso de cambio acelerado no tempo se o comparámos se o comparamos co pasado, cara unha maior uniformización de costumes -sobre todo externos- ou homoxeneización no modo de vivir.

O cambio é producto da época, con interpretacións novas, acordes coa mentalidade espallada moitas veces polos medios de comunicación. Imos ver como exemplo o vestido dos volantes. Personaxes no pasado con pantalóns e camisas formadas por bandas de cores vermella e amarela, que algúns veciños axudados por informadores da prensa quixeron ver neles as cores da bandeira do Estado, polo que pronto xurdiron as vestimentas

16.-Lisón Tolosana, Carmelo, *Antropología cultural de Galicia*, siglo XXI, Madrid, 1971, páx. 152.

17.-Nos últimos tres anos realizamos traballos de campo nesta área, podemos sinalar que varios núcleos non tiñan acceso en automóbil, sendo as comunicacións por estrada deficientes na case totalidade da zona, eran moitos os lugares nos que se recibía o sinal de televisión, había un teléfono por parroquia, etc. Os veciños foron totalmente alleos a transformación do medio con alta rendibilidade económica, como os encoros. Ultimamente houbo unha melloría feble en canto a medios, ademais chegaron tarde, a emigración foi masiva con familias e incluso núcleos enteros despoboados, e o envellecemento da poboación aneaza o futuro da Ribeira Sacra.

branquiazuis -que levan, significativamente, sobre todo os nenos-, co que hoxe está moi ben representada a oficialidade do estado das autonomías. Na prensa tamén lemos repetidamente que o armazón con cintas de cores que porta o volante simboliza os "*penachos do xefe celta*", o que esconde unha revalorización do celtismo como sinal de identidade dos galegos, polo que calquera manifestación da que descoñezamos o significado faise derivar dunha antiga civilización.

Diminúe a separación entre o Entroido rural e o Carnaval urbano, tamén de xeito progresivo. Así Vicente Risco dá conta da chegada de novos materiais (18), como *confetis*, *papelillos*, *serpentinas*, etc., que se usan no Entroido desde fins do século pasado tanto na cidade como na aldea. Mesmo nas últimas estas marcadorías traídas da vila tiñan os seus partidarios, como lembra unha veciña maior (19):

"Os mozos máis elegantes botábannos nas festas flores de papel e cintas de colores, mentres outros baleirábanche as faltriqueiras cheas de fariña ou de herbas, coma pánfanos, que eran moi malos de sacar do pelo, ensuciando a roupa".

se reparamos con atención na vestimenta dos personaxes do Entroido, contrastándoo coa información recollida dos maiores, vemos como no pasado tamén se sumaron elementos novos á festa. Como os panos que levan ó lombo os volantes, tamén chamados *panos marinos* por ser traídos polos emigrantes de Buenos Aires e Cuba, ou mercados nas feiras. Así mesmo evolucionou o armazón ou *puchos*, con menos madeira e con variñas de paraguas, incorporando unha moneca de plástico no medio das flores, e con maior número de cintas de papel, no que tamén poñían "*os catro plumachos do camarín da Virgen*" (20).

Ademais dos elementos novos incorporados ou transformados, houbo actividades que desapareceron da festa, como a carroza engalanada que percorría os lugares da parroquia de Arriba; ou os mozos que fan por tódolos núcleos de Nogueira e Vilaluxe recillendo viño para a celebración:

"Salían pola mañá pola parroquia adiante, xuntando viño nun pelexo dunha cabra. No campo /onde se facía a festa/ xuntábase todo nunha ola e dábase a beber a todos. Agora a xente nova xa non bebe viño" (21).

A última frase ten unha profundidade que vai máis alá dos hábitos de consumo da mocidade, un maior aprecia atinadamente que a sociedade non é homoxénea. A despoboación é moitas veces sobrevalorada -sen esquecer que de cara ó futuro é un risco alarmante- á hora de falar das dificultades das parroquias para manter o Entroido e outras festas, sen ter presente un factor á vez decisivo, cal é o maior individualismo. "*Non beber viño*", para calquera que coñeza ou pretenda integrarse no mundo rural -e moito más nunha área que o colleita e ten excedentes- sabe que é non identificarse cos veciños. Deixamos que os maiores falen:

"A xente agora non é coma antes, cantando e aturuxando polos camiños e nos traballos, había outra unión que non hai agora. Hoxe cada un tén o seu coche, e vai sólo de cara ás festas".

"Vaille na unión entre a xente nova /a continuidade da festa/, antes eramos moitos a toca-la gaita, tódolos domingos había baile" (22).

18.-Risco, Vicente, obr. cit., páx. 617.

19.-Informante de Esperante (Taboada).

20.-Informante veciño de Santiago de Arriba, que facían o Entroido conxuntamente coa parroquia de A Sariña.

21.-Informante de Nogueira de Miño.

22.-Informantes veciños de Vilaluxe.

A transformación levou a unha perda no movemento progresivo do tempo propio da festa. Frente ó pasado, no que estaban máis diferenciados os distintos días do Entroido, nunha evolución que centraba a máxima intensidade nas últimas datas da celebración, no presente as actividades son máis homoxéneas, perdendo en variedade e a continuidade, tendo maior força ao actos do *domingo de Entroido*, cedendo ou compartindo o protagonismo do *martes de Entroido* cos desfiles urbanos. Unha perda notable -ó noso modo de ver, e polo que xeneralmente se entende por Carnaval- é a ausencia de máscara nos volantes. Antigamente esta elaborábase con papel de periódicos e masa de fariña de centeo. deixándoa secar atada a un molde de madeira (23).

As maiores innovacións que tiveron lugar nos últimos anos, e que contrastan de xeito forte co Entroido do pasado, foron a aparición de carteis anunciando a celebración baixo o patrocinio dunha entidade bancaria, as subvencións municipais, a introducción de megafonía e un presentador -que trata de poñer unha nova orde á festa-, o público que moitas veces adopta a disposición de simples espectadores, e, sobre todo, a concesión en 1995 por primeira vez de premios ós oficios considerados mellores por un xurado. Tratan de "*facer un verdadeiro espectáculo*", en palabras dos que asumen o papel de organizadores (24), o que nos leva a un Entroido competitivo e normalizado, ademais de paraoficial - promovido polos estamentos do poder que hai poucos anos non o autorizaban-. Cambia enboa medida o sentido da festa, así cando no testamento do Entroido se tratan temas universais (como a corrupción política), esa crítica resulta más suave que mencionar os costumes dos veciños da porta, como se facía en épocas anteriores.

Un exemplo máis, que pode moi ben significar a situación actual, é que algúns volantes levan xa gorras con publicidade comercial. Para quen queira ver o Entroido cunha mirada purista de cara ó pasado pode parecerlle un acto de reprobación total, mais tamén partindo deste e dos anteriores feitos debemos tratar de facer unha nova lectura.

UN ENTROIDO PRODUCTO DUNHA ÉPOCA

O Entroido rural pervive nas riberas de Chantada, ten lugar no noso tempo, polo que reflexa a sociedade actual -como sempre fixo coa súa época-. Individualismo, homoxeneización, competitividade..., son rasgos propios do presente, que sen ser uniformes reproducense nas festas como en tódalas actividades sociais. Frente a un Entroido producto do seu tempo, temos a posibilidade de intervenir de cara a procurar un Entroido *tradicional*, unha volta ó pasado -mais debemos preguntarnos a que tempo do pasado, xa que a tradición non quedou estancada nunha época-, o que nos levaría a unha representación ou espectáculo non vivido, tan romántico como alonxado da realidade actual (25). O debate entre as dúas posturas está vivo, pois afortunadamente o Entroido tamén o está, e non queremos imaxinarnos unha festa que se quede só nas formas exteriores, que prescindida do carácter e da riqueza simbólica, pois para iso xa temos a festa dos disfraces do Carnaval urbano (26).

23.-En 1995 realizáronse varias máscaras por este procedemento en Nogueira, aínda que non foron empregadas na festa. Puidemos comprobar a resistencia do material, ademais da facilidade de elaboración.

24.-Informante de Nogueira, membro da comisión organizadora.

25.-O folión de carros de Chantada, ou os foliós de fachas que teñen continuidade na Ribeira Sacra, son exemplos deste último posicionamento, quedanse en espectáculos que pretendan recrear o pasado.

26.-Ademais, e como exemplo, a actual inseguridade que vive o agro debe incorporar, se se queren representar os problemas da produción láctea, unha vaca frisona e non a *tradicional* rubia galega; para facer parodia que se sinta hai que estar cos tempos, ou cometieran anacronismos.

O conflicto é maior para os foráneos que para os veciños que o celebran de acordo coa súa realidade. as parroquias que conservaron o Entroido son as únicas que teñen dereito a decidir o futuro da festa, polo que aínda non sendo partidarios de quedarnos impasibles, tampouco o somos de arriscadas intervencións desde fóra -as mesmas acudas económicas institucionais poden disfrazar o Entroido-. En canto á continuidade, mentres para Caro Baroja esta forma de ritual ten garantías de resistir o paso do tempo polo seu valor estético (27), Marcial Gondar advierte dun perigo, para o que recomenda aprender do pasado (28):

"...que o potencial creador que se xera nun entroido reverta no pobo que o crea e non volva a servir para a reproducción ampliada da dominación".

Ata aquí pretendemos resaltar aqueles elementos que non se integran fácilmente nas formas e no sentido do antigo Entroido rural, polo que poden considerarse subxectivamente negativos. Para rematar sinalaremos o que sería o pólo contrario, a intencionalidade que se busca ó potenciar determinados sentimientos. O proceso de cambio polo que están pasando as comunidades da ribeira leva a unha necesidade de identificarse co grupo social, estimando elementos da cultura como pode ser o Entroido, para asimilar desde unha buscada diferencia as transformacións. O primeiro marco de identificación é a casa, ó que seguen o lugar e a parroquia, tendo nestes un destacado papel as festas como rituais de integración dos veciños, sobre as diferencias reais existentes entre os mesmos. E n este contexto onde ó preguntar por outras freguesías do entorno que celebrasen o Entroido de xeito semellante os maiores insisten en que "*na nosa parroquia era toda unha festa, nas outras menos*", do mesmo xeito os mozos falan de que "*o noso é auténtico, non copiado de nadie, é unha tradición nosa que non debe desparecer*" (29). Así mesmo, implicar ós nenos na festa, os maiores sábeno, é unha maneira de garantizar a permanencia.

O Entroido une fronte ó exterior, unha cohesión aparente como grupo que fai que revaloricen os seus costumes, nun proceso de autoestima no que a festa é un símbolo ou referente da parroquia. Ofrecemos, finalmente, unha valoración dos encargados de darrle continuidade á celebración, que expresa con claridade a idea de reforzar o pretendido sentimento de comunidade no grupo (30).

"Pedimos disculpas por todo aquello que poida caer mal entre os veciños e que a unión que surga (sic) no Antroido sirva para outros fins de convivencia entre todos".

27.-Caro Baroja, Julio, obr. cit., páx. 297.

28.-Gondar Portasany, Marcial, obr. cit., páx. 174.

29.-Informantes de Vilauxe e Negreira de Miño.

30.-Nota da comisión organizadora -parte final-, feita pública na taberna de Nogueira de Miño.



Fiesta de los Campos, en Cantabria; e *Entroido de Nogueira de Miño*, en Chantada. O paralelismo formal entre as festas rurais do pasado, como o Entroido que persiste, é evidente (repárese nas semellanzas dos puchos dos volantes e os arcos das vacas)



Volantes en Nogueira de Miño, no Entroido do ano 1995, a vestimenta incorpora as cores da oficialidade política, e algúns portan gorras con publicidade na viseira



Oficio do Entroido de Nogueira, ano 1995. A representación fai parodia de acontecementos de actualidade, acorde cos tempos en que ten lugar